

AS DANZAS TRADICIONAIS NOUTROS CONTEXTOS MUSICAIS

RUSIA

O compositor romántico Tchaikovsky incluíu no seu ballet “Crebanoces” esta danza folclórica tradicional de Rusia e Ucraia.

Observa o [vídeo](#) e contesta:

- Esta danza é un tipo de danza cosaca. Qué representan? Qué é un cosaco?
- Cales son os pasos máis repetidos desta coreografía.



POLONIA

No século XIX, un músico polaco de saúde fráxil e cun talento extraordinario para o piano e a improvisación, vése obrigado a exiliarse a Francia. O seu país fracasa nunha revolución contra o dominio ruso e nunca máis poderá regresar á súa patria natal.

Dende entón arrastrará a frustración de non poder facer nada polo seu país. Porén, coa súa música convertírase nun activo defensor social e patriota.



Partindo dos ritmos folclóricos de danzas tradicionais polacas, transformará músicas de orixe campesino e rural en música refinada e moi expresiva para escoitarse nos salóns literarios e artísticos de París converténdose en símbolos de independencia de Polonia.

POLONESA en LA

Escoita esta polonesa coñecida como “[Militar](#)”. Na súa orixe trátase dunha danza por parellas que desfilan a modo de procesión simbolizando a cooperación, a reconciliación e a igualdade.

- Pero esta polonesa non é para bailar. Qué simboliza?

- Para que acontecemento histórico se utilizou nos medios de comunicación polacos?
- Quen /quenes o prohibiron?

MAZURCA


- Esta danza orixinalmente rural, pasou a ser un baile burgués e de salón.
- Indica alomenos dúas diferenzas entre a danza tradicional e unha mazurca escrita por Chopin.

[Danza tradicional](#). Podes ver ata o 1' 40"
[Mazurca de Chopin](#)

HUNGRIA

Da mesma xeración que Chopin, Johannes Brahms en Alemania, tamén foi un amante do folclore e das danzas do seu país, aínda que un dos seus traballos máis recoñecidos son unha colección de 24 danzas húngaras que escribiu sobre ritmos tradicionais para orquestra e para piano a 4 mans. A súa música é tan rítmica e descritiva que se adaptará perfectamente ao cine.

A danza nº 5 é posiblemente a máis coñecida e o director e actor Charles Chaplin a introduce na súa película “O gran dictador”.



- Visiona [este vídeo](#) e distingue cantos temas ten esta danza e con que partes musicais se relacionan coa acción que se describe na película.